

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO 2016/03

"Servizo de limpeza do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina"

Visto o expediente correspondente ao procedemento de contratación 2016/03, resulta o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xerencia da Fundación Rof Codina (en adiante FRC), por Resolución con data 19 de agosto de 2016, ordenou o inicio dun expediente de contratación correspondente a un procedemento aberto de tramitación ordinaria con publicidade no perfil do contratante na páxina web da Fundación Rof Codina (<http://www.rofocodina.org>), con número de identificación 2016/03, que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza das dependencias, tanto interiores como exteriores do HVU-RC, centro dependente da Fundación Rof Codina (FRC), de acordo coas especificacións técnicas e condicións que figuran neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT); por un importe de licitación sen IVE de 75.083,86 € e que está composto por un lote único. A súa duración será de 12 meses.

O prazo de presentación de propostas finalizou o 7 de setembro de 2016 ás 14:00 horas.

Segundo.- Por resolución de data 20 de setembro de 2016 o Órgano de Contratación resolveu adxudicar o contrato resultante do procedemento 2016/03 que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza das dependencias, tanto interiores como exteriores do HVU-RC, centro dependente da Fundación Rof Codina (FRC), de acordo coas especificacións técnicas e condicións que figuran neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) á empresa LIMPERGAL, S.L.

Resolución que foi notificada ás interesadas, realizándose posteriormente a solicitude da documentación pertinente á adxudicataria de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP.

Que a empresa LHYP ASLYM LIM. e HIG. PROF., S.L. foi clasificada no segundo posto, de acordo co establecido no artigo 151 do RDL 3/2011, de 14 de novembro que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP)

Terceiro.- Con data 27 de setembro de 2016 a adxudicataria presentou a documentación correspondente polo que a resolución adquiriu firmeza.

Cuarto.- Con data 04 de outubro de 2016 a adxudicataria LIMPERGAL, S.L. presentou a súa renuncia formal á celebración do contrato mediante escrito presentado no Rexistro da Fundación Rof Codina.

Quinto.- Con data 6 de outubro de 2016 requiríuse a segunda clasificada LHYP ASLYM LIM. e HIG. PROF., S.L. documentación para proceder a adxudicación do contrato. Dita empresa respondeu mediante escrito recibido o 7 de outubro de 2016 que desistía da adxudicación do contratp

De todo o actuado, a Organo de Contratación acorda:

RESOLVE

Primeiro.- Diante da retirada das dúas ofertadas presentadas, declara o proceso de contratación do Servizo de limpeza do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina deserto.

Segundo.- Tomar as medidas necesarias para que o Servizo de limpeza do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina continúe a executarse e proceder a un novo procedemento de contratación do mesmo.

Lugo, 07 de outubro de 2016
O órgano de contratación



Luis Felipe de la Cruz Palomino
Director Xerente da Fundación Rof Codina